

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: EPA RÍO LÉREZ

CURSO: EBI II

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

DEPARTAMENTO: ENSEÑANZAS BÁSICAS INICIAIS

DATA: 15 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. INTRODUCCIÓN

Dada a situación da emerxencia sanitaria recollida no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicada no BOE número 67 do propio 14 de marzo e acorde ás instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, recóllese nas seguintes páxinas a adaptación da programación para que serva de orientación no vindeiro curso.

Tendo en conta as características integradoras e formativas das ensinanzas básicas iniciais, inclúense algúns dos estándares imprescindibles para que o alumnado do nivel poida continuar a súa formación en cursos posteriores. Séguense por tanto os criterios recollidos na orde do 20 de marzo de 2018 que regula a educación básica en Galicia así como algúns dos recollidos no decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Presentar textos sinxelos: cartas, correos electrónicos, mensaxes, resumos, contos, historias...	Elabora textos sinxelos e coherentes de distintas tipoloxías.
Interpreta textos de diferente tipoloxías para a realización de tarefas de comprensión e expresión.	Realiza tarefas de comprensión e expresión a partir dun texto escrito ou oral proposto.
Elaborar textos sinxelos organizando as ideas con cohesión, aplicando signos de puntuación, regras de acentuación e ortografía básica.	Crea textos sinxelos aplicando a ortografía.
Presenta os textos con marxes, limpeza e calidade caligráfica.	Coida a presentación dos textos segundo as normas.
Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos escritos.	Selecciona as ideas principais e secundarias.
Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de forma eficiente.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para escribir e presentar os textos.
Utilizar a linguaxe como ferramenta fundamental para identificar, expor e resolver situacións cotiás conforme a actitudes propias dunha sociedade democrática, con tolerancia e empatía mostrando unha actitude construtiva de respecto ás diferenzas e sen prexuízos.	Utiliza a linguaxe para relacionarse de modo positivo.
LINGUA ESTRANXEIRA	
Preguntar e responder sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.	Pregunta e responde sobre aspectos persoais dun mesmo e dos demais.
Recoñecer e utilizar fórmulas básicas de relación social, adecuándose aos diferentes contextos formais e non formais.	Diferencia saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (hello, goodbye, thank you).
Preguntar e responder sobre o nome, o número de teléfono, e os obxectos.	Pregunta e responde sobre o nome, o número de teléfono, e os obxectos.
Manexar os números cardinais ata o 20.	B4.10.1. Utiliza os números en diferentes situacións comunicativas.
Participar en situacións de comunicación oral en inglés sendo quen de expresar necesidades de comunicación inmediatas.	B4.13.1. Aмосa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira e a súa cultura.
Desenvolver estratexias para a adquisición de vocabulario.	B4.12.1. Amplía o vocabulario mediante o desenvolvemento de diversas actividades.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos de avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado. - Análise das producións solicitadas ao alumnado. - Recompilación dos materiais remitidos.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso do correo electrónico e teléfono durante o confinamento. - Traballos realizados polo alumnado a petición do profesorado. - Documentos de rexistro tomando nota da participación. - Valórase o traballo realizado ata o 14 de marzo. Teremos en conta positivamente a disposición do alumnado que mantivo o hábito de traballo durante todo o confinamento.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Os criterios de cualificación da avaliación final, estarán baseados nos resultados académicos realizados ata o 14 de marzo, xunto cos traballos presentados neste trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Tendo en conta as características das ensinanzas básicas iniciais, como ponte para formar ao alumnado e poida acceder a cursos superiores, non se contempla proba de setembro. Recoméndase o traballo durante o verán para reforzar as competencias, procedementos e contidos adquiridos durante o curso.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Actividades de repaso mediante fichas.- Lecturas- Resumen de textos- Actividades de reforzo- Actividades de comprensión lectora.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades son enviadas ao alumnado a través do teléfono móbil ou do correo electrónico.
Materiais e recursos	Fichas e actividades en formato dixital compartidas polos alumnos a través da páxina do centro ou correo electrónico.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Os cambios serán comunicados aos alumnos mediante correo electrónico ou por teléfono.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. A presente modificación da programación farase pública na páxina web do centro.